

Ourense da los primeros pasos para su centro de inteligencia artificial

TOMA DE POSESIÓN. El Centro de Inteligencia Artificial de la ciudad será un proyecto “muy importante para la ciudad” ya que funcionará de “estímulo económico” tanto para mantener el talento como para “atraer

nuevo”. Así lo aseguró ayer David Olivieri Cechi, tras tomar posesión como director xeral de Innovación, Tecnoloxía e Intelixencia Artificial del Concello, un cargo desde el que trabajará para la puesta en marcha del nuevo

centro en La Molinera. Desde este, dijo, se buscará “crear nuevos tipos de empresas, nuevas *startups*, y también ser un puente tecnológico de lo que se desarrolla en la universidad, tanto a nivel básico como de proyectos, frente al sector privado”. Con este fin, el centro buscará también captar fondos públicos de las diferentes administraciones y enlazar con empresas internacionales para que se ubi-



Olivieri, centro, y a su izquierda Pérez Jácome. Foto: ECG

quen en Ourense. Así, los pasos “más inmediatos” serán la contratación de personal para que desarrolle su trabajo en La Molinera, “definir muy bien el proyecto y tener una comunicación con los distintos actores en la sociedad” para poner en marcha el proyecto “cuanto antes”. Olivieri es licenciado y doctor en Física por la University of Massachusetts y Máster en Fotónica y Tecnología Laser por la Uvigo. ECG

ÉXITO UNIVERSITARIO. A titulación que coordina Francisco Omil e que ten quince anos de percorrido vén de recibir a mención de calidade que por primeira vez outorga a Xunta. O seu espírito innovador, clave no recoñecemento

TEXTO *Lorena Rey*

Selo de excelencia para o Máster en Enxeñaría Ambiental da USC

O Máster en Enxeñaría Ambiental da USC xunto ao de Bioloxía Molecular, Celular e Xenética (UDC) e o de Enxeñaría Informática (UDC) foron as titulacións universitarias que veñen de recibir as Mencións de Máster Universitario Excelente. Trátase dos primeiros estudos do Sistema Universitario de Galicia en acadar este selo de calidade, que é pioneiro no conxunto do Estado. Este recoñecemento ten unha vixencia de cinco cursos académicos, ao final dos cales poderá ser renovado por períodos sucesivos de igual duración. A mención de Máster Universitario Excelente da Xunta de Galicia, impulsada pola Consellería de Educación, acredita, por unha banda, o nivel académico e a solvencia científico-técnica dos estudos que acadan este recoñecemento; e, doutra banda, tamén supón unha garantía de futuro para os estudantes.

O máster premiado da USC ten xa quince anos de percorrido, aínda que se podería falar no seu conxunto de vinte anualidades. A súa concepción herdouna dunha iniciativa previa posta en marcha na USC no ano 2000: o Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental (GSEA), un posgrado liderado polos profesores Juan M. Lema e Gumersindo Feijoo que reuniu a un grupo de profesores pioneiros nos ámbitos da Ciencia e Enxeñaría Ambiental desde os anos 80. “Manuel Bao, Felipe Macías, Juan José Casares son algúns dos nomes que podería citar, entre outros moitos”, destaca Francisco Omil, catedrático e actual coordinador do mestrado.

ESPÍRITO INNOVADOR

O máster caracterízase polo seu “espírito innovador”, segundo define Omil. Co paso dos cursos realizaron unha serie de propostas co obxectivo de ir crescendo. Así, entre as accións emprendidas podense destacar que no ano 2005 foi a primeira titulación que estableceu prácticas



En primeiro plano, os representantes dos mestrados, con Francisco Omil pola USC no centro. Foto: Santi Alvite

obrigatorias en empresa; que dende o ano 2008 inclúe materias impartidas en inglés; ou que no ano 2013 chegou a asinar un convenio de patrocinio coa empresa VIAQUA que supuxo, e supón aínda, un importante sostén económico para manter un ambicioso programa de visitas de campo e becas e premios.

Dos resultados acadados neste tempo, Francisco Omil pon en primeiro lugar o ter reunido un corpo “excepcional” de profesores, todos eles “seleccionados pola súa actividade investigadora, docente e polos amplos contactos con empresas”. Tampouco se esquece da alianza que manteñen co recién creado Instituto de Tecnoloxías Ambientais da USC (CRETUS), organización na que participa a día de hoxe o 50 por cento do profesorado do máster, co obxectivo de seguir avanzando de forma conxunta.

A titulación conta con unha particularidade. É moi frecuente que os másteres dependan dun mercado interior –dos alumnos da propia Universidade–. En cambio, no de Enxeñaría Ambiental os estudantes veñen máis doutras universidades e doutras rexións de España. “É un máster máis saudable porque capta a alumnos de máis partes e por tanto é máis sostible a longo prazo”, di Omil. Cando se publicou no DOGA a convocatoria dos másteres de excelencia os seus responsables vírono “moi viable” e desde un primeiro momento recibiron ademais o apoio da Escola Técnica

“

Francisco Omil

CATEDRÁTICO E COORDINADOR DO MÁSTER EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL DA USC

“O máster funciona ben, mais pensamos que debe renovarse e hai que aproveitar esta inxección económica para abordar unha serie de accións co propósito de dar un paso máis aló”

Superior de Enxeñaría (ETSE). Eran conscientes ao mesmo tempo de que se trataba dunha candidatura moi competitiva. “Estamos falando dun máximo de seis mencións para toda a universidade galega, con máis de 200 másteres”, afirma o seu coordinador. En calquera caso afrontárono con moita ilusión. A memoria requerida foi presentada en xaneiro, e en marzo a COVID paralizouno todo. “Pensaba que era unha iniciativa que ía quedar arquivada e sorprendeume cando a mediados de xullo se retomou sendo un dos másteres gañadores”, comenta.

Para Francisco Omil, como dirixente do máster, foi unha honra rematar deste xeito un curso tan atípico. “O máster funciona ben pero pensamos que debe renovarse e hai que aproveitar esta inxección económica para facer unha serie de accións co fin de dar un paso máis aló”, di. Así, teñen un ambicioso programa de accións para os vindeiros cinco anos no que destaca a reforma do plan de estudos e o establecemento de contactos con universidades estratéxicas no norte de Europa ou Latinoamérica.

INDICADORES DA MEMORIA

ASÍ SE AVALIARON OS MESTRADOS

••• Para a concesión do selo tívéronse en conta os criterios de avaliación establecidos, que inclúen aspectos como a taxa de demanda, entidades públicas e privadas que colaboran directamente co mestrado, procedemento de selección do alumnado, porcentaxe de alumnos do estranxeiro, e a existencia de titorización e mentorización individuais, con ata 25 puntos. Tamén se valoraron con estes puntos os resultados do máster (resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, o seguimento dos egresados no mercado laboral ou indicadores externos de recoñecemento (artigos, rankings...)). O profesorado do máster computou con ata 15 puntos, con aspectos como os seus méritos relevantes ou a adecuación do currículo docente e investigador cos contidos que se imparten no máster. A estratexia do mestrado (visión, misión, plan de xestión para os próximos cinco cursos e melloras) puntou con ata 20 puntos. Con ata 15 puntos valorouse o Plan de estudos; e con ata 10 puntos o apartado de Emprendemento, no que se ten en conta o compromiso cunha formación en emprendemento e autoemprego.